

MOCIÓN DE A.E.R. SOBRE INFORMACIÓN VECIÑAL

PLENO 4 XULLO 2013. ACTA 13/2013

Vista a moción do grupo municipal AER que transcrita di: “Nestes últimos tempos estamos vendo como o Concello, a pesares de cumprir coa legalidade vixente, á hora de poñer en exposición pública as obras, modificacións urbanísticas, etc. que se van facer no concello, non logra cumprir un dos seus labores: informar axeitadamente aos veciños.

Temos dous casos recentes nos que a información non chegou aos veciños de xeito eficaz: a modificación urbanística na zona de Petán e a colocación do transformador da Portela. Este último creou unha importante alarma social entre os veciños da zona, que se enteraron das obras ao comezo destas, non podendo facer así as alegacións oportunas no prazo legal.

Para mellorar estas eivas na comunicación administración-veciños, propoñemos ao pleno do Concello de Redondela os seguintes acordos:

- 1. Enviar aos grupos políticos e aos membros do consello parroquial correspondente todo aquilo que teña que ser sometido a exposición pública que afecte os intereses xerais da veciñanza (liñas eléctricas, transformadores, infraestruturas, modificacións urbanísticas...)**
- 2. Publicar a información na páxina web do concello.**
- 3. Publicar bandos informativos no entorno da zona afectada.”**

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PsdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER) aprobou a moción co compromiso do seu desenrolo na xunta de portavoces.